

PLAN DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE GONDOMAR. CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS PROTEXIDOS

CLASE ELEMENTO: Arquitectura	TIPOLOXÍA: Civil	Nº FICHA: 65
DENOMINACIÓN DO BEN: Ponte das ánimas		
TITULARIDADE: Pública	UBICACIÓN: Gondomar (San Bieito)/Paradela	
CONTORNO: No antigo camiño que se achegaba a Paradela (hoxe centro urbán de Gondomar), na marxe esquerda do camiño municipal das Rasas. Entrando a Gondomar pola estrada de Tomiño, xusto na primeira rotonda da Circunvalación da Vila, atopamos a entrada ás Rasas, á man dereita.		



PLANO:

DESCRICIÓN:

Está documentada a súa existencia no ano 1660, aínda que o seu estilo oxival leva a pensar que se trataría dunha construción do século XIV, cando menos.

Trátase dunha construción realizada en sillería tosca de granito para as doelas e pezas matrices para os estribos; o resto da ponte, os macizos, están construídos en cachotería.

Ten planta de trazado recto, con planos laterais paralelos. Carecía de peitorís laterais orixinarios, na actualidade fóronlle engadidos polo Obradoiro Gondomar II. No alzado amosa unha plataforma de paso, que dispón de bóveda oxival.

Noutroza estivo coroado por un peto de ánimas que foi derrubado hai algúns anos, por mor dun accidente cun tractor. Na actualidade está sendo restaurado.

BIBLIOGRAFÍA

SOLIÑO TRONCOSO, Manuel; MOSQUERA VELEIRO, José Luis; SOLIÑO TRONCOSO, A.; SOLIÑO TRONCOSO, A.: Gondomar. Historia, Arte y Territorio. Ir Indo Ed. Vigo, 1995.(Pp 227, 234-236)

CATEGORÍA	ÁMBITO PROTECCIÓN	NIVEL DE PROTECCIÓN
Incluído catálogo	Galego	Estructural [8.0.1.-1,2,3,4]
ORDENANZA DE APLICACIÓN		Protección patrimonio arquitectónico: 8.4
ESTADO DE CONSERVACIÓN		Bo estado de conservación da estrutura, ademais na actualidade está sendo restaurando. É moi interesante o pasal que o comunica co lugar de Áspera, realizado en mampostería.
CLASIFICACIÓN DO SOLO		Urbán
CONDICIÓN DE USO	PERMITIDOS	Os que establece o nivel de protección.
	PROHIBIDOS	Tódolos demais
OBSERVACIÓNS	Restauración polo Obradoiro de Emprego Gondomar II	

PLAN DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE GONDOMAR. CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS PROTEXIDOS

CLASE ELEMENTO: Arquitectura		TIPOLOXÍA: Civil	Nº FICHA: 66
DENOMINACIÓN DO BEN: Peto das ánimas			
TITULARIDADE: Pública		UBICACIÓN: Gondomar (San Bieito)/Paradela	
CONTORNO: No antigo camiño que se achegaba a Paradela (hoxe centro urbán de Gondomar), na marxe esquerda do camiño municipal das Rasas. Entrando a Gondomar pola estrada de Tomiño, xusto na primeira rotonda da Circunvalación da Vila, atopamos a entrada ás Rasas, á man dereita.			



PLANO:

DESCRICIÓN:

A existencia da ponte, sobre a que se ergue, ten documentada a súa existencia no ano 1660, aínda que o seu estilo oxival leva a pensar que se trataría dunha construción do século XIV, cando menos.

O peto de ánimas foi derribado hai algúns anos, por mor dun accidente cun tractor. Durante anos conserváronse as pedras e na actualidade está sendo restaurado, axustándose bastante ao proxecto proposto no libro dos Soliño Troncoso (páxina 234).

Sobre un pedestal cúbico, do que hoxe só se conserva unha das pezas, e coroando a ponte, ábrese unha sinxela fornela, cunha barra transversal de ferro, como único elemento ornamental.

Estaba coroado por unha cruz, que se perdeu, polo que se lle engadiu unha réplica.

BIBLIOGRAFÍA

SOLIÑO TRONCOSO, Manuel; MOSQUERA VELEIRO, José Luis; SOLIÑO TRONCOSO, A.; SOLIÑO TRONCOSO, A.: Gondomar. Historia, Arte y Territorio. Ir Indo Ed. Vigo, 1995.(Pp 227, 234-236)

CATEGORÍA	ÁMBITO PROTECCIÓN	NIVEL DE PROTECCIÓN
Incluído catálogo	Galego	Estructural [8.0.1.-1,2,3,4]
ORDENANZA DE APLICACIÓN		Protección patrimonio arquitectónico: 8.4
ESTADO DE CONSERVACIÓN		Aceptable estado de conservación, aínda que lle faltan pezas e non temos referencias ás imaxes do fornello.
CLASIFICACIÓN DO SOLO		Urbán
CONDICIÓN DE USO	PERMITIDOS	Os que establece o nivel de protección.
	PROHIBIDOS	Tódolos demais
OBSERVACIÓNS	Restauración polo Obradoiro de Emprego Gondomar II	